

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 18 de outubro de 2004**

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez  
D<sup>a</sup>. Lucia Molares Pérez  
D. José Manuel Iglesias Carrera  
D. Antonio Coello Bufill  
D. Ignacio López-Chaves Castro.  
D. Javier Jorge Guerra Fernández  
D<sup>a</sup>. Soledad Polo Lima  
D. José Manuel Couto Pérez  
D. Carlos Comesaña Abalde

**NON ASISTE:**

D. José Manuel Figueroa Vila

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e doce minutos do día dezoito de outubro de dous mil catro e baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, e a interventora Da. Berta Guamer González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1.(1294)-PRÓRROGA POR TRES MESES DO CONVENIO EN VIGOR ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ESCOLA PARA AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CAIXANOVA, PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE INICIACIÓN PROFESIONAL NA EMPRESA. EXPTE. 1486/101.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo Administrativo de Alcaldía, do 21.09.04, conformado polo primeiro tenente de Alcalde e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar o gasto polo importe de 4.320 euros, custe da prórroga por tres meses do convenio en vigor entre o Concello de Vigo e a Escola para as Administracións Públicas Caixanova, para a realización dun programa de iniciación profesional na empresa, a prol da citada Escola para as Administracións

Públicas Caixanova, CIF. G-36600369, unha vez cumpridas tódalas condicións expresadas no texto do convenio en vigor aludido, con cargo á partida orzamentaria 111.0.227.06.02, “Convenios”.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ESCOLA PARA AS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS CAIXANOVA, PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE INICIACIÓN PROFESIONAL NA EMPRESA.*

*En Vigo, a 16 de marzo de 2004.*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, a Ilma. Sra. D<sup>a</sup>. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo.*

*Doutra parte, D. Julio Fernández Gayoso, Director Xeral de Caixanova, en representación da Escola para as Administracións Públicas Caixanova, CIF. G-36600369, domiciliada na rúa San José, 1, 36001 Pontevedra.*

*EXPOÑEN*

*As dúas institucións consideran que unha adecuada formación na Escola para as Administracións Públicas Caixanova, combinada coa práctica adquirida no mundo laboral, constitúe a base máis sólida para a formación de xoves profesionais, polo que acordan a realización dun Programa-Convenio de Iniciación Profesional para alumnos da Escola para as Administracións Públicas Caixanova, que ten como obxectivo establecer unha vía de colaboración entre ámbalas dúas institucións para axudar a xoves titulados dos programas da Escola para as Administracións Públicas Caixanova e facilitar o acceso ó mundo laboral, coas seguintes*

*CLÁUSULAS*

*Primeira.- O Concello de Vigo ofrece tres becas formativas para graduados e postgraduados da Escola para as Administracións Públicas Caixanova no presente ano 2004.*

*Segunda.- O Programa-Convenio de Iniciación Profesional está dirixido ós postgraduados da Escola para as Administracións Públicas Caixanova que estean na actualidade matriculados en algúns dos seus programas ou tiveran obtido a súa titulación dentro do ano de adxudicación da beca.*

*Terceira.- Para poder incorporarse como becario o Programa-Convenio de Iniciación Profesional, o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:*

- 1) Non ter desenvolvido traballo profesional remunerado relacionado coa titulación obtida na Escola para as Administracións Públicas Caixanova.*
- 2) Non ter participado neste programa con anterioridade. Ademais, a condición de becario neste programa é incompatible con calqueira traballo remunerado ou coa percepción do seguro de desemprego.*

*Cuarta.- O Concello de Vigo se compromete a:*

- 1) Confeccionar o plano de formación a seguir polos becarios nesta Institución, determinando tanto o plano de traballo como as tarefas a desenvolver durante a súa estancia. O mencionado plano deberá remitirse á Escola para as Administracións Públicas Caixanova nun prazo máximo dun mes a contar dende a incorporación do becario ou becaria ó Concello.*

- 2) *Facilitar ó becario ou becaria a certificación correspondente do período de prácticas, con mención das actividades realizadas o do grao de consecución das mesmas.*
- 3) *Cumprimentar e devolver o cuestionario de avaliación remitido pola Escola para as Administracións Públicas Caixanova, unha vez finalizado o período da beca.*

*Quinta.- O alumno ou alumna beneficiario duna beca do Programa-Convenio de Iniciación Profesional, comprométese a:*

- 1) *Desenvolver unha actitude favorable na súa integración no Concello, participando de forma responsable no cumprimento das normas de funcionamento internas.*
- 2) *Aproveitar ó máximo as posibilidades de formación no traballo que o Concello lle ofrece.*
- 3) *Mostrar interese no proceso de aprendizaxe.*
- 4) *Informar ó titor da súa actividade no Concello.*
- 5) *Cumprimentar e devolver o cuestionario de avaliación que a Escola para as Administracións Públicas Caixanova lle remita.*

*Sexta.- A Escola para as Administracións Públicas Caixanova elixirá, con criterios de mérito e capacidade, os tres becarios ós que se fan referencia na cláusula primeira, entre os seus alumnos e alumnas.*

*Sétima.- A asinatura por parte do Concello de Vigo do presente convenio no suporá máis compromisos que os estipulados no mesmo, e en ningún caso se derivarán obrigacións propias dun contrato laboral, ó carecer desta condición a relación que se establece; nin de Seguridade Social, ó quedar cubertas as continxencias desta índole polo seguro de accidentes e responsabilidade civil da Escola para as Administracións Públicas Caixanova. En ningún caso o disfrute desta beca terá efectos xurídicos-laborais entre o becario ou becaria e o Concello ou a Escola para as Administracións Públicas Caixanova, nin conlevará máis compromisos para ninguna das partes dos establecidos neste convenio.*

*Oitava.- Todos os estudantes acollidos a este convenio e que disfruten a beca a través do Programa de Iniciación Profesional están amparados polo correspondente seguro de accidentes e responsabilidade civil suscrito pola Escola para as Administracións Públicas Caixanova durante o período de duración da beca no Concello de Vigo.*

*Novena.- O período de disfrute de cada beca será de seis meses.*

*Décima.- O Concello de Vigo entregará á Escola para as Administracións Públicas Caixanova para este convenio a cantidade de 8.640 euros; resultado de multiplicar o número de becarios neste programa, tres, polo período de meses establecido na cláusula anterior, seis, por 480 euros mensuais de cada beca.*

*O pagamento realizarase en dúas fases:*

- *A primeira, do 50%; é dicir, 4.320 euros, no prazo dun mes, a contar dende a aprobación deste convenio pola Xunta de Goberno Local.*
- *A segunda, do 50% restante (4.320 euros), transcorrida a metade do tempo previsto de duración deste convenio (6 meses).*

*Décimo primeira.- O pagamento da cantidade que corresponda cada becario ou becaria, a forma de pago, e a súa periodicidade e posterior xustificación, será responsabilidade da Escola para as Administracións Públicas Caixanova.*

*A partida orzamentaria á que se cargará este gasto é a 227.06.02, "Convenios", do programa 111.0, Alcaldía, do orzamento prorrogado actualmente en vigor.*

*Décimo segunda.- Este convenio entrará en vigor unha vez que o correspondente expediente administrativo estea rematado. En todo caso, rematará obrigatoriamente o día 31 de decembro de 2004.*

*Décimo terceira.- Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha Comisión de Seguimento e Coordinación, composta por dúas persoas nomeadas a tal efecto por parte do Concello de Vigo, e por outras dúas nomeadas pola Escola para as Administracións Públicas Caixanova.*

*Décimo cuarta.- O presente convenio poderá quedar resolto por incumprimento das condicións estipuladas no mesmo por calquera das partes, oída a Comisión de Seguimento e Coordinación, e notificada por escrito.*

*En proba de todo o acordado, asínase este convenio de colaboración por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data indicados.*

**2.(1295)-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 4/2004 INTERPOSTO POR CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A. CONTRA DESESTIMACIÓN DE REC. REPOSICIÓN EN RELACIÓN CON LIQUIDACIÓN DE TAXAS POR ENTRADA DE VEHÍCULOS E LIXO. DESESTIMADO.**

Dáse conta da sentenza de data 24.09.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso administrativo interposto por CORREOS Y TELEGRAFOS S.A., contra a resolución do Concello de Vigo, de data 15 de outubro de 2003, desestimatoria do recurso de reposición interposto polo recorrente, fronte á resolución de data 18 de xuño de 2003, dictada no Expte. nº 28.296.516/2003, pola que se efectúa a liquidación definitiva de taxas dos exercicios 2000, 2001 e 2002, correspondentes á entrada de vehículos, por un total de 449,23 euros; e a recollida de lixos, por un total de 168,52 euros; actos que confirmo, o entendelos axustados a dereito. Sen custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ao departamento de Admón de Tributos.

**3.(1296)-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 84/2004 INTERPOSTO POR Dª Mª GLORIA GONZÁLEZ VILAS CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.**

Dáse conta da sentenza de data 27.09.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmente o recurso contencioso administrativo interposto por MARÍA GLORIA GONZALEZ VILAS contra desestimación presunta polo Concello de Vigo, da reclamación patrimonial efectuada pola actora en data 25 de xuño de 2003, no Expte nº 16104/240-03; resolución que anulo, ao entendela contraria a dereito; condenando á Administración demandada a aboar á actora a suma de 370,32

euros, polos danos e prexuzos irrogados á mesma, máis os xuros legais devengados por dita cantidade dende a data da reclamación patrimonial en vía administrativa. Sen condena en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio.

**4.(1297)-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 150/2004 INTERPOSTO POR D. FEDERICO CABRERA DOMÍNGUEZ CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.**

Dáse conta da sentenza de data 24.09.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo parcialmete o recurso contencioso administrativo interposto por FERNANDO CABRERA DOMINGUEZ contra desestimación presunta polo Concello de Vigo, da reclamación patrimonial efectuada polo actor en data 9 de maio de 2003 , no Expte nº 16057/240-03; resolución que anulo, ó entendela contraria a dereito; condenado á Administración demandada a aboar ao actor a suma de 2551,49 euros polos danos e prexuzos irrogados á mesma, máis o xuro legal devengado por dita cantidade dende a data da reclamación patrimonial en vía administrativa. Sen condena en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio.

**5.(1298)-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE PONTEVEDRA NO R.C.A. Nº 112/04 INTERPOSTO POR GESTINOVA RÍAS BAIXAS S.L. CONTRA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA SOBRE SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO O RECURSO.**

Dáse conta da sentenza de data 23.09.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo estimar e estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación da entidade mercantil “Gestinova Rías Baixas, SL”, contra a resolución de 21.04.04 da Alcaldía de Vigo, sobre sanción, que se anula por non ser conforme a dereito. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta aos departamentos de Seguridade, Tráfico e Transportes e a Recadación Executiva.

**6.(1299)-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 03/7684/01 INTERPOSTO POR Dª M.C. CABALEIRO RODRIGUEZ E OUTROS CONTRA DECRETO 62/00 DE 16 DE MARZO DE DECLARACIÓN URXENTE DE OCUPACIÓN DOS BENS NECESARIOS PARA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE RECUPERACIÓN DE CANLES NO CONCELLO DE VIGO. INADMISIBLE O RECURSO.**

Dáse conta da sentenza de data 9.09.04, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debemos declarar e declaramos inadmisibile o recurso contencioso-administrativo número 7684/2001 interposto por DON JOSE ANTONIO CASTRO BUGALLO, Procurador dos Tribunais, en nome e representación de MARIA DEL CARMEN CABALEIRO RODRÍGUEZ, ANTONIO ALVAREZ IGLESIAS e ANTONIO MARTÍN SÁNCHEZ contra o Decreto 62/00, de 16 de marzo polo que se declara urxente ocupación, para os efectos e expropiación, polo Concello de Vigo de bens e dereitos necesarios para a realización de obras do proxecto de recuperación de cauces naturais e separación de augas pluviais no Concello de Vigo publicado no DOG de data 31 de marzo de 2000, declaración de urxente ocupación cuxa competencia segundo os artigos 27.2º e 28.2º corresponde ao Concello da Xunta, por proposta do Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e que foi acordada en reunión do Concello de data 16 de marzo de 2000, e contra resolución desestimatoria do recurso de reposición contra a mesma, por extemporaneidade, sen que se estime necesario entrar a coñecer a cuestión de fondo; sen hacer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta aos departamentos de Vías e Obras, Medio Ambiente e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo

**7.(1300)-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 03/7154/2001 INTERPOSTO POR D. SALVADOR MUÑOZ NOGUEIRAS E OUTROS CONTRA RESOLUCIÓN SOBRE DEPÓSITOS PREVIOS E “VÍAS DE FEITO” NA EXPROPIACIÓN DE BENS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE RECUPERACIÓN DE CANLES. DESESTIMADO O RECURSO.**

Dáse conta da sentenza de data 09.09.04. dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que, con rexietamento das causas de inadmisibilidade que foron opostas, debemos desestimar e desestimamos en cambio o recurso contencioso-administrativo número 7154/2001 interposto por DON JOSE ANTONIO CASTRO BUGALLO, Procurador dos Tribunais, en nome e representación de SALVADOR MUÑOZ NOGUEIRAS, ENRIQUE GOMEZ, GLORIA FERNANDEZ COLLAZO e AVELINO CONSUELO ALVELO contra resolucións de 30 de novembro de 2000 do Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo polo que se acorda o pago dos depósitos previos

fixados no expediente expropiarios para a execución do proxecto de recuperación de cauces naturais e separación de augas pluviais no Concello de Vigo; contra vía de feito, ó non ser atendido o requerimento que os recurrentes efectuaron á Administración Municipal o 20 de decembro de 2000 para que anulase actuación consistente en pago do depósito previo, a determinación da contía depositada e as indemnizacións impostas, deixándoas sen efecto, así como o posterior levantamento de acta de ocupación previa prevista o día 27-12-2000, sen determinar hora e todos aqueles posteriores que se deriven por quebramento de formalidades, ó non haberse practicado o acta previa de ocupación nin haber contestado ás alegacións presentadas o días 28 de novembro de 2000, vicios que levaron ao Concello a estimar recursos de reposición presentados polos recorrentes ante a ausencia de audiencia; sen hacer expresa imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta aos departamentos de Vías e Obras, Medio Ambiente e Xestión de Xerencia municipal de Urbanismo.

**8.(1301)-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4422/01 INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. ANA BELÉN LÓPEZ CARIDE CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. ESTIMADO PARCIALMENTE.**

Dáse conta da sentenza de data 16.09.04, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimamos en parte o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Ana Belén López Caride e D. José Antonio Rodríguez Domínguez contra a desestimación presunta polo Concello de Vigo da reclamación por responsabilidade patrimonial formulada en relación coas lesións e danos sufridos o 23-10-1999 como consecuencia do accidente do vehículo matrícula PO-7221-AY na confluencia das rúas Eugenio Kraff e Avenida da Florida, desestimación que declaramos non conforme a dereito, polo que condenamos a dita Administración a que aboe ós recorrentes as cantidades de, respectivamente, 1.267,82 e 5.664, 43 euros. No demáis desestimamos o recurso. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ao departamento de Patrimonio.

**9.(1302)-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4562/01 INTERPOSTO POR D. MANOEL SOTO FERREIRO CONTRA ACORDOS PLENARIOS SOBRE ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DO SERVICIO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RSU. DESESTIMADO O RECURSO.**

Dáse conta da sentenza de data 23.09.04, dictada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimamos o recurso contencioso-administrativo interposto por D. Manoel Soto Ferreiro contra os Acordos de 26.2.01, 26.3.01 e 31.8.01 do Concello de Vigo polos que, respectivamente, se adxudicou a “Fomento de Construcións e Contratas, S.A.” o concurso para a concesión administrativa do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos; se denegou a suspensión de súa execución , e se desestimou o recurso de reposición contra o interposto. Non se fai imposición de custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, do que deberá darse conta ao departamento de Contratación.

**10.(1303)- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA O FOMENTO E A HOMOLOGACIÓN DAS POLÍTICAS MUNICIPALISTAS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO. EXPTE. 11024/301.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Sección de Planificación de Servizos Sociais, do 6.09.04, conformado pola alcaldesa, pola interventora xeral e coa conformidade xurídica de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.-Aprobar o novo texto do convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar o gasto total do importe do convenio de 64.601,21 € dos que 60101,21 € se destinaran á promoción de actividades das ONGD e 4.500 á sensibilización e difusión.

3º.- Deléguese no Concelleiro-Delegado da Area de Asuntos Sociais, D. Ignacio Lopez-Chaves Castro, a sinatura do presente convenio co Fondo Galego.

4º.- En cumprimento da cláusula 6ª do convenio, nomease a Dª Mª Jose Thomas Barbén como técnica municipal responsable para integrarse na Ponencia do Fondo Galego e emitir os informes sobre a idoneidade dos proxectos e garantir o seu seguimento.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE PARA O FOMENTO E A HOMOLOGACIÓN DAS POLÍTICAS MUNICIPALISTAS DE COOPERACIÓN Ó DESENVOLVEMENTO.*

*En Vigo, a 26 de outubro de 2004*

*COMPARECEN*

*Dunha banda, o Ilmo. Sr. D. Ignacio Lopez - Cháves Castro, na súa calidade de responsable da área de Benestar Social, Educacion e Cultura, Sanidade e Consumo do Concello de Vigo, con delegación expresa para a correspondente sinatura outorgada pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 5 de xaneiro de 2004.*



*Doutra, o Sr. D. Alfredo Novoa Gil, na súa calidade de Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, e intervindo neste acto por conta e representación da citada entidade, segundo se acredita por medio de certificación, con copia debidamente compulsada e dilixenciada polo funcionario competente e incorporada ó expediente administrativo, de conformidade coas facultades que se lle atribúen polo artigo 23 e afíns dos Estatutos da supracitada entidade, dos que igualmente se aporta copia compulsada e dilixenciada polo funcionario competente, que figura inscrita a tódolos efectos legais no rexistro provincial de Asociacións da Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia.*

*E, en consecuencia, recoñecendo mutuamente a ambas partes intervintes plena lexitimación, capacidade e representación para acordar o que ás súas respectivas entidades lles resulte de interese para o desenvolvemento das súas competencias e funcións,*

### **EXPOÑEN**

*Que, preocupado pola necesidade de obter o máximo rendemento dos recursos que destina a cooperación ó desenvolvemento, o Concello de Vigo está comprometido co propósito de impulsar aquelas prácticas que posibiliten unha maior coordinación das políticas municipalistas desenvolvidas en Galicia neste eido, compartindo coas ONGs e o conxunto da sociedade viguesa esa aspiración común á mellora da cooperación.*

*Que o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade é unha asociación de carácter municipalista que, co apoio da FEGAMP, favorece a incorporación das entidades locais e provinciais de Galicia a dinámicas activas de cooperación, evitando a súa fragmentación e estimulando a súa maior eficacia e coordinación, actividades que desexa intensificar para implicar nas mesmas ó conxunto da cidadanía. O Concello de Vigo integrouse no Fondo Galego mediante acordo plenario de data 3 de agosto de 1998.*

*O Concello de Vigo e o Fondo Galego acreditan a necesidade de reforzar os mecanismo homoxeneizadores da cooperación propiamente municipalista e instaron a sinatura da denominada “Declaración Política das cidades e o Fondo Galego”, asinada o 5 de marzo de 2001, por tódalas cidades galegas e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.*

*Por todo o exposto, habida conta da sintonía de obxectivos e a complementariedade dos mecanismo concurrentes para a súa consecución, ambas partes intervintes coinciden en instrumentar o seu acordo de vontades no presente Convenio de colaboración de conformidade coas seguintes*

### **ESTIPULACIÓNS**

*Primeira.- O presente convenio ten por obxecto artellar a participación do Concello de Vigo na convocatoria pública de axudas a proxectos e programas de cooperación ó desenvolvemento que realiza o Fondo Galego.*

*Segunda.- En tódalas accións relacionadas co presente convenio, tanto o Concello de Vigo como o Fondo Galego contarán necesariamente coa colaboración, asesoramento e auxilio das Organizacións non gubernamentais con implantación na cidade, especialmente a través do Consello municipal de cooperación.*

*Terceira.- O Fondo Galego comprométese a aplicar os recursos económicos aportados polo Concello de Vigo a proxectos de cooperación ó desenvolvemento en países do Sur, ben sexa co concurso das ONGs, ou a través de*

cooperación directa (con municipios ou entidades municipalistas do Sur), garantindo en todo momento os medios técnicos e humanos para o seu digno desenvolvemento.

Cuarta.- O importe total desta iniciativa cífrase en SESENTA MIL CENTO UN EUROS CON VINTEUN CENTIMOS (60.101,21 €), destinados a actividades promoción e u subvención a ONGD e CATRO MIL QUINIENTOS euros 4.500€ destinados a actividades de prevención e difusión. O Concello de Vigo comprométese a aportarllos con cargo a partida orzamentaria 1110 4800000.

Quinta.- O pagamento librarase unha vez que o Fondo Galego, mediante certificación do seu Secretario, aporte ó Concello de Vigo unha relación exhaustiva e documentada dos proxectos a financiar cos devanditos recursos.

Sexta.- O Concello de Vigo designará un Técnico/a municipal para integrarse na Ponencia do Fondo Galego que emita os informes sobre a idoneidade dos proxectos e garante o seu seguimento, e poderá recabar do Fondo Galego informes técnicos específicos sobre aspectos concretos relativos ós proxectos de cooperación que financie, podendo acceder en todo momento á documentación existente.

Séptima.- Executados os proxectos financiados, o Fondo Galego remitirá ó Concello un informe final explicativo das actuacións desenvolvidas, xunto cos preceptivos xustificantes do gasto realizado.

Oitava.- O presente convenio ten vixencia dende o día da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2004, sen prexuízo da posibilidade de estender a colaboración por medio de novo instrumento convencional, logo de avaliada a experiencia posta en marcha. O seu seguimento será efectuado por unha comisión paritaria de técnicos designados polo Concello de Vigo e o Fondo Galego.

De se lembrar a continuación da colaboración entre as entidades asinantes no proxecto motivo da sinatura do presente convenio,( e no caso de que non se modifique as activiades a desarrola) abundará coa sinatura dunha addenda tras ser realizados os trámites administrativos necesarios.

Novena.- No caso de incumprimento do presente Convenio, transgresión na súa execución ou desestimento por parte da entidade asociativa, procederáse á súa inmediata resolución. Concorrendo estes supostos, o Fondo Galego reintegrará ó Tesouro do Concello as contías abonadas, con recargos e intereses a que houbera lugar, de conformidade coa normativa que lle resulte de aplicación e nos prazos máis perentorios que a mesma despuxera.

Décima.- As lagoas ou diverxencias que poideran apreciarse na aplicación do presente Convenio integraránse, interpretaríanse e resolveríanse motivadamente pola Administración, e contra as súas resolucións, e polo carácter administrativo deste Convenio, caberá interpor os oportunos recursos administrativos e xurisdiccionais na orde contencioso-administrativa, ou calquera outros recursos e accións que en Dereito procedan.

E en proba da plena e voluntaria conformidade dos intervinentes, coas estipulacións enriba consignadas, ámbolos dous asinan e rubrican o presente instrumento convencional, por duplicado exemplar, no lugar e data do seu encabezamento.

**11.(1304)- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTEs.  
14/15232, 14/15857, 14/30515 E 14/30634.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción Social, do 29.09.04, conformado polo concelleiro-delegado do Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda concede-la prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D<sup>a</sup> Elvira Comesaña Costas. Expte. 14/15232/301.
- D. Marcelino Rodríguez López. Expte. 14/15857/301.
- D<sup>a</sup>. Francisca Arnás Conde. Expte. 14/30515/301.
- D. Elvio Fernández Bangueses. Expte. 14/30634/301.

**12.(1305)- PAGAMENTO DE DEREITOS DE AUTOR DERIVADOS DA REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS INCLUÍDOS NO PROGRAMA DAS FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004. EXPTE. 1220/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do Servizo de Festas, do 6.10.04, conformado polo concelleiro de Festas e animación Sociocultural e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar un gasto por un importe total de 55.379,93.-€, en concepto dos dereitos de autor derivados da realización das actividades e espectáculos incluídos no programa das *Festas do Cristo da Victoria 2004*, con cargo á partida 451.2.226.08.05 do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio 2003 prorrogado. Este pagamento realizarase á Sociedade Xeral de Autores (SGAE), CIF G-28029643.

2º.- Que o citado pagamento se realice a través da conta de habilitación FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL 2080 0000 77 0040277241.

**13.(1306)- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIVERSIDADE DE VIGO EN MATERIA DE MOBILIDADE. EXPTE. 70115/210.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 22.09.04, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Mobilidade e Seguridade, do 23.09.04, conformado polo concelleiro-delegado e pola intervención xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Universidade de Vigo en materia de mobilidade, que de seguido se transcribe.

2º.- Autorizar o gasto, a disponibilidade do crédito e facer o aboamento do mesmo nos términos derivables da cláusula última do convenio, por un importe de 18.000 €, con cargo á partida

223.0.227.06.05 do orzamento municipal prorrogado para o ano 2004 e por un importe de 12.000 € con cargo á mesma partida do orzamento correspondente o ano 2005.

3º.- O presente Acordo surtirá efectos a partir da data prevista no convenio e unha vez asinado o mesmo.

4º.- Dese conta do Acordo á Intervención Xeral a través da oficina de xestión.

*CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A  
UNIVERSIDADE DE VIGO EN MATERIA DE MOBILIDADE.*

*En Vigo, a        de        de 2004*

*REUNIDOS.*

*Dunha parte a Excm. Sra. Dona Corina Porro, como Alcaldesa-Presidenta da Excm. Corporación Municipal.*

*Doutra parte o Excmo. Sr. Rector Magnífico D. Domingo Docampo Amoedo. Rector da Universidade de Vigo.*

*OBXECTO.*

*Preténdese con este CONVENIO por a disposición d Concello uns medios humanos e técnicos da Universidade de Vigo co fin de ter mellores coñecementos dos problemas e formular solucións concretas de aspectos transcendentais na mobilidade urbán.*

*Como obxectivos mínimos que deberán ser estudados establececese:*

*I PACTO CÍVICO DE MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE, dando participación a axentes sociais e representativos, sostido nunha MESA POLA MOBILIDADE E SOSTENIBILIDADE que deberá funcionar como órgano base para a posta en marcha e o seguimento do Pacto. O referido Pacto é necesario se se pretende afrontar cambios importantes necesarios para dar resposta a graves problemas de mobilidade e porque se entende que se precisan cambios importantes e os axentes sociais, necesariamente implicados, son numerosos e porque os cidadáns tamén teñen unha cuota de responsabilidade que asumir.*

*Aínda que un proxecto tan ambicioso como este pode levar moitos anos no seu desenvolvemento ata a culminación dos proxectos se pretende con este CONVENIO pór a primeira pedra desenvolvendo unhas actuacións de posta en funcionamento da Mesa e o Pacto para proceder en anos futuros o necesario desenvolvemento do mesmo e a concreción dos proxectos.*

*O prezo deste ano 2004 establececese en 18.000 euros.*

## *II ACTUACIÓNS, ESTUDOS E PROPOSTAS CONCRETAS.*

- a) Analise de antecedentes, estudos e proposta dunha ORDENANZA DE MOBILIDADE.*
- b) Diseño de rutas para o tráfico pesado e propostas de sendas urbanas peatonais. Propostas concretas con sinalización horizontal e vertical precisa, acompañada de cuantificación económica da execución das actuacións propostas. Acompañarase cartografía á escala adecuada e suficiente-*
- c) Analise, estudo e propostas de modificación-ampliación das zonas de carga e descarga actualmente establecidas na cidade con especial concreción na zona comprendida entre as rúas Isaac Peral, Travesía de Vigo, Pizarro, Gran Vía e Coruña, con concreción de ubicacións, sinalización horizontal e vertical. Acompañarase cartografía á escala adecuada e suficiente.*

### *PRAZO DE EXECUCIÓN.*

*O convenio se propón para un prazo de 1 ano, a contar dende a sinatura do Convenio, tempo que se estima necesario para concluir o traballo indicado no apartado II do Obxecto e servirá para iniciar os traballos e establecer as primeiras reunións da Mesa e Pacto pola Mobilidade e Sostenibilidade.*

### *PRESUPOSTO.*

*Establecese para a execución dos traballos un presuposto de 18.000 euros en 2004 e de 12.000 euros en 2005 existindo consignación orzamentaria na partida 2220-2270605 (Estudos e traballos técnicos), considerándose incluída na mencionada cantidade e persoal necesario, o material informático, os estudos necesarios, os medios impresos e todo tipo de gastos engadido o IVE, é dicir, sen gasto adicional de ningún tipo para o Concello.*

### *DIRECCIÓN DO TRABALLO.*

*Por parte da Universidade se designará ao Catedrático D. Juan Leiceaga e ao profesor D. Esteban López como autores do proxecto, expertos en tráfico e por parte do Concello, ademáis de por a disposición do estudo todo tipo de datos e medios técnicos e humanos disponibles se designará como coordinador a D. Juan Ramón Comesaña Alén, xefe de Área, que supervisará as actuacións para o bo fin do proxecto.*

### *PRESENTACIÓN DE TRABALLOS.*

*Os traballos se presentarán en CD e en papel impreso por cuádruplicado exemplar e encarpelado coa cartografía, incluíndo ademáis unha programación informática en POWER-POINT para que poda ser presentada a diferentes colectivos o medios de comunicación.*

### *FORMA DE PAGO.*

*Supervisados os traballos e conformadas as facturas se procederá o seu pago como segue:*

1. *A presentación dun boorrador dos diferentes traballos esquematizados como análises da problemática e propostas da actualización concretas en prazos e temática, que deberá presentarse no prazo de 2 meses dende a sinatura do CONVENIO* 3.000 euros
2. *A presentación dos traballos especificados no Apartado 11 ACTUACIÓNS, ESTUDOS E PROPOSTAS CONCRETAS, que deberan estar a disposición do Concello antes de finalizar o ano 2004 con propostas definidas para a súa aplicación* 15.000 euros
3. *Unha vez tido lugar a primeira reunión da MESA pola MOBILIDADE E SOSTENIBILIDADE, transcorrido non máis de 10 meses dende a sinatura do CONVENIO* 5.000 euros.
4. *A cantidade restante entregárase unha vez constituído, coa participación dos axentes sociais e representativos, o PACTO CÍVICO DE MOBILIDADE E ACCESIBILIDADE* 7.000 euros.

**14.(1307)- PRÉSTAMO DA OBRA “RAPAZA CON GATO” DE A. SOTOMAYOR AO CONCELLO DE FERROL PARA EXPOSICIÓN. EXPTE. 1244/337.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, do 28.09.04, a Xunta de Goberno, acorda:

Autorizar o préstamo temporal da obra “Rapaza con gato” de A. De Sotomayor, nº inv. 490, asignada ao Museo municipal de Vigo “Quiñones e León” ao Concello de Ferrol para a exposición que se vai celebrar entre o 1 de novembro de 2004 e 28 de febreiro de 2005 no Centro Cultural Torrente Ballester; e conforme coas condicións habituais do préstamo establecidas polo museo municipal, dando coñecemento deste préstamo ao padroado do Museo na primeira xuntanza que se convoque.

**15.(1308)- PROXECTO DE CONVENIO MARCO PARA O FINANCIAMENTO DA FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO, ANOS 2004-2005. EXPTE. 2185/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 18.06.04 e de acordo co informe-proposta do xefe de Patrimonio Histórico do 17.09.04, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio Histórico e da Área de Urbanismo e Medio Ambiente e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o Proxecto de convenio marco para o financiamento da Fundación Liste-Museo Entográfico de Vigo, anos 2004 e 2005, que de seguido se transcribe.



de acordo co procedemento e compromisos respectivos que deseguido se citan. Coa finalidade de posibilitar o normal funcionamento da Fundación, o pagamento da subvención terá carácter de anticipado.

2. A xustificación desta subvención por parte da Fundación realizarase do seguinte xeito:
  - 2.1. Ano 2004: presentará ó Concello de Vigo dentro do primeiro trimestre do ano 2005 documento fidedigno da aprobación da liquidación dos orzamentos do ano anterior así como o documento de aprobación dos orzamentos do ano en curso e documentación acreditativa da presentación destes dous documentos perante dos órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia.
  - 2.2. Para o ano 2005, será de aplicación, ós efectos de xustificación, o procedemento de pagamento anticipado previsto no artigo 34.4 da Lei 38/2003 de 17 de Novembro Xeral de Subvencións (LXS) e o que dispoña o Regulamento Municipal de Subvencións que se aprobe. A xustificación da aportación municipal á Fundación farase, con carácter xeral, conforme ó procedemento de xestión e xustificación disposto no Título I, Capítulo IV da Lei 38/2003 de 17 de Novembro Xeral de Subvencións (LXS) ou o que dispoña o novo regulamento municipal de subvencións.
3. A Fundación comprométese a:
  - 3.1. Cumprir coas finalidades fundacionais recollidas estatutariamente e realizar as xestións, actuacións e programas previstos nos seus orzamentos anuais.
  - 3.2. Establecer a entrada gratuíta ó Museo Etnográfico Liste de Vigo para as asociacións da terceira idade, do Concello de Vigo, así como para os grupos de escolares procedentes de Centros educativos do termo municipal de Vigo.
4. Concello de Vigo comprométese a:
  - 4.1. Aportar á Fundación as cantidades anuais recollidas no cadro da cláusula 1 deste convenio, con cargo ás partidas presupostarias de Patrimonio Histórico (4531).
  - 4.2. Colaborar coa Fundación no desenvolvemento dos seus fins e obxectivos, especialmente fomentando a colaboración cos servicios e equipamentos municipais relacionados coa etnografía.
5. Os pagamentos da subvención municipal faranse do xeito seguinte:
  - 5.1. O pagamento correspondente ó ano 2004 farase efectivo con carácter anticipado no momento da sinatura do presente Convenio e trala toma de razón por parte do órgano competente do Concello de Vigo da presentación de documento fidedigno da aprobación da liquidación dos orzamentos da Fundación do ano 2003 así como o documento de aprobación dos seus orzamentos de 2004 e documentación acreditativa da presentación destes dous documentos perante dos órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia, previo informe do Servicio de Patrimonio Histórico e da Intervención Xeral do Concello.
  - 5.2. Para o ano 2005 será de aplicación o procedemento xustificatorio e demais disposicións contidas na Lei 38/2003 de 17 de Novembro Xeral de Subvencións (LXS) e novo Regulamento municipal de subvencións.
6. Sen prexuízo da adaptación prevista na súa disposición transitoria, o presente Convenio será prorrogable, renovable ou modificable no seu contido, duración e contía, por acordo expreso entre as partes asinantes, a partir do remate do ano 2005.
7. Para o seguemento deste Convenio créase unha Comisión de Seguemento [C.S.] coas seguintes características:
  - 7.1. Composición:
    - Un representante do Concello de Vigo, designado polo Alcalde, e un representante da Fundación, nomeado polo Padroado, ou polo Presidente da Fundación.
  - 7.2. Obxectivos e funcións da CSC
    - Servir de comisión de seguemento do cumprimento do estipulado neste Convenio
    - Establecer unha canle áxil de intercambio de información e experiencias no ámbito da protección, conservación e difusión do Patrimonio Etnográfico entre a Fundación e os Servicios Municipais



- *Propoñer ós órganos que correspondan do Concello de Vigo e ó Patronato da Fundación novas iniciativas no eido da protección, conservación e difusión do patrimonio etnográfico.*
- 7.3. *A C.S. reunirse canto menos unha vez cada seis meses e cantas veces o considere oportuno de común acordo entre os seus membros, ou a instancia do Presidente da Fundación ou do Concello de Vigo.*
- 7.4. *A CSC deberá constituírse dentro dos primeiros 60 días seguintes ó da sinatura do presente convenio.*

*Disposición transitoria:*

*O presente convenio deberá ser adaptado nos aspectos que sexan de aplicación, de común acordo entre as partes, ó finalizar o ano 2004, ó disposto na Lei 38/2003 de 17 de Novembro Xeral de Subvencións (LXS) e ó novo Regulamento municipal de Subvencións.*

*O que, en exercicio da representación que ostentan, asinan no lugar e datas indicadas no encabezamento.*

## **16.(1309)- ADXUDICACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE XARDIÑEIRAS COLGANTES EN ZONAS COMERCIAIS E PEONIS. EXPTE. 1520/104.**

*Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da coordinadora de Turismo e Comercio, do 11.10.04, sobre o asunto de referencia, conformado pola concelleira delegada de dito servizo e pola interventora xeral, que di o seguinte:*

*Con data 13 de setembro, a Xunta de Goberno Local aprobou os pregos de prescricións técnicas e administrativas para a contratación da subministración e instalación de xardiñeiras colgantes en zonas comerciais e peonís.*

*Unha vez aprobados os pregos correspondentes formulouse invitación para participar no concurso a seis empresas: Gespro Medioambiente, SL.; Calfensa, SL.; CESIR, SL.; LECER, SL.; Aqueiro, SA.; Jardinería Arce, SL., fixándose un prazo para a presentación de proposicións ata o 24 de setembro.*

*Con data 28 de setembro, reúnese a Mesa de Contratación, determinando como excluídas do procedemento as seguintes ofertas:*

- 1.- Jardinería Arce, SL.*
- 2.- Mecer, SL.*
- 3.- Cesir, SL.*
- 4.- Aqueiro, SL.*

*Ademais, á empresa Gespro Medioambiente, SL. se lle concedeu un prazo de tres días para a subsanación de erros na súa documentación, non presentando a empresa documentación adicional algunha.*

*Por todo o antedito, a Mesa de Contratación, na súa reunión de 4 de outubro pasado, decidiu admitir a licitación exclusivamente a oferta presentada pola empresa Calfensa Proyectos, SL., que propón un prezo para o contrato de 69.350€ (IVE incluído).*

*Analizada a oferta presentada por esta empresa, a Coordinadora de Turismo e Comercio, informa do seguinte:*

- 1.- A empresa admitida a licitación cumpre cos requisitos esixidos no prego de prescricións técnicas aprobado no seu día pola Xunta de Goberno Local.*

2.- A empresa Calfensa Proyectos, SL., propón un prezo máximo para o contrato de 69.350€ (IVE incluído), o que supón unha baixa de 10.650€ con respecto ó prezo máximo de licitación (80.000€).

3.- A empresa licitadora aumenta o prazo de garantía esixido no prego de prescricións técnicas en seis meses.

4.- A empresa Calfensa, SL., reduce o prazo máximo de execución dos traballos (50 días) a 35 días.

A Mesa de Contratación, reunida con data 4 de outubro, decidiu admitir única e exclusivamente a oferta presentada pola empresa CALFENSA, SL., por canto o resto das propostas presentadas incumplían algún extremo dos pregos de prescricións.

Dado que a única oferta admitida, CALFENSA, SL., non só cumpre cos requisitos esixidos nos pregos aprobados pola Xunta de Goberno Local, senón que incluso mellora tres dos aspectos contemplados nos criterios de adjudicación: oferta económica (baixa de 10.650€), mellor prazo de garantía (incrementa a garantía en seis meses) e mellor oferta nos prazos de execución dos traballos (reduce do prazo máximo de 50 días a 35 días), esta Técnica propón á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo, previo informe favorable de fiscalización:

“Adjudicar á empresa CALFENSA PROYECTOS, SL., con CIF: B-27182682, o contrato para a subministración e instalación de xardiñeiras colgantes en zonas comerciais e peonís, por un importe de 69.350 (IVE incluído), dado que cumpre e mellora os requisitos esixidos nos pregos de condicións técnicas e administrativas e foi a única empresa -das seis propostas presentadas- admitida pola Mesa de Contratación de data 4 de outubro pasado.”

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17.(1310)- ENCOMENDA PROVISIONAL DE FUNCIONS DA XEFATURA DE NEGOCIADO DE LICENZA DE OBRAS A D<sup>a</sup> TERESA ANDRÉ ALONSO. EXPTE. 499/407.**

Examinadas as actuacións dáse conta do informe-proposta do xefe dos Servicios Centrais, do 6.10.04, conformado polo Xerente da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

#### 1) Antecedentes:

Con data 9 de xuño este técnico realizou o seguinte informe-proposta co conforme do xerente de Urbanismo:

“A xefa do Servizo de Intervención Urbanística, M<sup>a</sup> Dolores Espiño Collazo, emite con data 20 de maio de 2004 un informe poñendo de manifesto a complicada situación na que se atopa a oficina administrativa de Licencias de Obra, pola baixa que se prevee longa da xefa de negociado Mónica Escariz Couso. Todo elo agravado por estar próxima unha época na que o persoal disfruta das vacacións.

A xefa do servizo no devandito informe propón que M<sup>a</sup> Teresa André Lorenzo, auxiliar administrativo de maior antigüidade e experiencia na oficina, realice durante a devandita baixa as funcións de xefa de negociado, “co abono da diferenza de retribucións que correspondan”.

*A funcionaria M<sup>a</sup> Teresa André Lorenzo tería dereito a percibir a diferenza de retribucións complementarias entre as propias do seu posto (C.D.15; C.E.56) e ás do posto da xefatura de negociado (C.D. 20; C.E. 39), conforme ás vixentes instrucións de plantilla.*

*En consecuencia, e por todo o exposto, proponse á Xunta de Goberno Local que:*

*“1º) Encomende provisionalmente as funcións de xefa de negociado de licencias de obra desta Xerencia de Urbanismo, durante a baixa da súa titular, a D<sup>a</sup>. Teresa André Lorenzo.*

*2º) Incoe o oportuno expediente para o recoñecemento da diferenza de función que, conforme as vixentes instrucións de plantilla, lle poidan corresponder.”*

*O vinte e tres de xuño de dous mil do ano dous mil catro a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local certifica, co visto e praxe da alcaldesa, que o expediente retírase da orde do día para realizar un mellor estudio do mesmo.*

*O vinte e nove de xuño o Presidente da Xunta de Persoal pone en coñecemento do xerente de Urbanismo o acordo dos sindicatos de:*

*“PRIMERO.- Que se proceda a encomenda temporal de funcións dacordo coa normativa vixente contemplada no Capítulo III do Acordo Regulador vixente (prorrogado), é dicir, o R.D. 364/95, que contempla dita posibilidade a favor do persoal que reúna os requisitos establecidos para o seu desempeño na relación de postos de traballo (xefes/as de negociado, e no seu defecto, administrativos/as).*

*SEGUNDO.- No caso de que polo citado procedemento non se logre a cobertura das funcións pretendidas, que se proceda a cobertura entre o persoal auxiliar.”*

*2) Informe:*

*O técnico asinante comparte a opinión fundamentada da Xunta de Persoal de que se cubran as prazas vacantes mediante concurso, como sistema normal de provisión dos postos de traballo (artigo 36 do Real Decreto 364/1995 e artigo 7 do acordo regulador do persoal municipal).*

*Nembargantes o suposto de feito que provocou a proposta realizada por esta Xerencia de Urbanismo no mes de xuño á Xunta do Goberno Local non é o de cubrir temporalmente un posto vacante, senón o de autorizar unha encomenda provisional de funcións que conleve, no seu momento, a tramitación do recoñecemento dunha diferenza retributiva de función.*

*Trátase, por tanto, de recoñecer a maior dedicación e responsabilidade dun traballador pola ausencia por baixa prolongada do xefe do negociado. Entendo contemplado o suposto na normativa vixente sobre a materia:*

*1º) No artigo 66 do citado Real Decreto 364/1995 que regula, dentro do seu Título III (“Provisión de postos de traballo”), a atribución temporal de funcións.*

*2º) Nas vixentes instrucións sobre a plantilla e relación de postos de traballo do persoal ó servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos (BOP de 11 de xullo de 2003): instrucción TERCEIRA cando regula*

o complemento de produtividade polo “especial rendemento derivado do desempeño dun posto de categoría superior”.

3) Proposta:

*En consecuencia, reitérase a proposta efectuada o 9 de xuño de 2004 á Xunta do Goberno Local:*

*“1º) Encomende provisionalmente as funcións de xefa de negociado de licenzas de obra desta Xerencia de Urbanismo, durante a baixa da súa titular, a Dª. Teresa André Lorenzo.*

*2º) Incoe o oportuno expediente para o recoñecemento da diferenza de función que, conforme as vixentes instrucións de plantilla, lle poidan corresponder dende a data de baixa da titular do posto.”*

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta acorda:

1º.- Encomendar provisionalmente as funcións de xefa de negociado de licenzas de obras da Xerencia de Urbanismo, durante a baixa da súa titular, a Dª. Teresa André Lorenzo.

2º.- Incoar o oportuno expediente para o recoñecemento da diferenza de función que, conforme as vixentes instrucións de plantilla, lle poidan corresponder dende a data de baixa da titular do posto.

#### **18.(1311)- APROBACIÓN INICIAL DE PROXECTO DE URBANIZACIÓN POLÍGONO ENTRE AS RÚAS SAN XOAN E PADRE CELSO. EXPTE. 4507/401.**

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral adscrito ao servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 1.10.04, que di o seguinte:

#### FEITOS

1.- No 13/04/2004 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou:

*"Primeiro.- Aprobar definitivamente, coas finalidades sinaladas na parte expositiva do presente acordo, a delimitación dun polígono de 3.195,82 m<sup>2</sup> de superficie, entre as rúas San Xoan e Padre Celso, integrado polas parcelas que seguen: (...).*

*Segundo.- Aprobar definitivamente a determinación do sistema de compensación como sistema de actuación no polígono delimitado (...)"*.

2.- En data 10/02/2004 o representante da entidade mercantil "COLOGA SL" interpuxo nesta Administración municipal solicitude de tramitación e aprobación do Proxecto de Urbanización do devandito polígono. Achegou ó efecto o correspondente Proxecto, asinado polo arquitecto D. David Mahía Castelao. Dita

solicitude e documentación inicial foi completada -previo requirimento dos servizos municipais- por outra posterior presentada nos días 30/03/2004, 16/04/2004, 22/04/2004, 28/04/2004 e 18/06/2004.

No 21/06/2004 o enxeñeiro industrial municipal da oficina de Servizos Electromecánicos emitiu sendos Informes favorables sobre o Proxecto de Urbanización, se ben efectuando certas puntualizacións a ter en conta no momento de execución das obras.

En data 08/07/2004 o enxeñeiro técnico municipal de obras públicas emitiu Informe favorable. Nél manifestou, entroutros extremos, o seguinte:

"(...) A los efectos fiscales que corresponda, el Presupuesto de Ejecución Material asciende a la cantidad de 132.715,- € por lo que de acuerdo con el apartado 3.8.1.2.i de las vigentes NN. UU., deberán presentar aval por el 100 % a la aprobación definitiva. El trazado del nuevo vial, sigue fielmente el planteado en los planos del vigente PGOU, con un ancho total entre alineaciones de catorce metros (14,-m ), aceras de dos metros y medio ( 2,50m ), y calzada de nueve metros ( 9,-m ). La urbanización dispone de todos los servicios urbanísticos habituales, red de pluviales, saneamiento, abastecimiento y riego, red eléctrica, alumbrado público, gas, comunicaciones, mobiliario urbano, señalización, diversos pavimentos y obras de contención necesarias para resolver las diferencias de nivel. No contiene por tanto unidades de obra singulares.El Proyecto cumple con las vigentes NN.UU., con los artículos 67 al 70 del RPU, y con el Decreto 35/2000 de accesibilidad. Se adjunta informes favorables del servicio de Electromecánicos. El inicio de las obras será puesto en conocimiento del Coordinador del Area de Servicios para efectuar un seguimiento de estas y coordinar los diversos departamentos municipales que hayan de tener competencias una vez sean entregadas al Ayuntamiento. Al solicitar la recepción de las mismas, se facilitará lo realmente ejecutado en soporte informático. La Dirección facultativa de las obras estará obligada a entregar a la inspección municipal de las obras, aquellos ensayos y/o documentos que avalen la idoneidad de las unidades de obra que por aquel fuesen considerados necesarios, conforme al articulado del Pliego de Prescripciones Técnicas. El acuerdo de aprobación inicial, así como el inicio del periodo de exposición pública se notificará a la empresas Unión Fenosa, Aqualia y a las de comunicaciones, además de a los propietarios de los terrenos incluidos en el ámbito del Proyecto."

3.- Paralelamente, co núm. de expte. 4508/401 estase tramitando un procedemento de cambio de sistema de compensación a concierto e de aprobación do proxecto de equidistribución dese polígono.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Este procedemento debe tramitarse consonte co disposto no Art. 110.4 Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

Tal e como se deduce dos Informes técnicos obrantes no expediente, o Proxecto axústase ó preceptuado no Art. 110 LOUGA, no que se especifica que: "Os Proxectos de Urbanización son proxectos de obras que teñen por finalidade executa-los servizos e dotacións establecidos no planeamento. (...) non poderán modifica-las previsións do planeamento que desenvolven, sen prexuízo de que poidan efectua-las adaptacións esixidas pola execución material das obras". Así mesmo, tamén cumpre o disposto no Decreto 35/2000 do 28 de xaneiro, de Supresión de Barreiras Arquitectónicas.

O solo afectado polo Proxecto de Urbanización ten a clasificación de urbano no vixente PXOU aprobado no 29/04/1993, non remitido a planeamento secundario. As aliñacións do vial de referencia veñen grafiadas precisa e directamente nos planos de ordenación do referido Plan Xeral.

De conformidade co disposto no Apdo. 8.8.11.i) PXOU-93 (páx. 78 BOP nº 133 do 14/07/93), no Informe do Enxeñeiro Técnico Municipal de Obras Públicas antes citado e no Art. 20.2 LOUGA, para poder solicitar Licencia de Obras antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá constituírse a correspondente fianza ou aval por importe de 132.715 euros.

Finalmente, a aprobación definitiva deste Proxecto de Urbanización require da previa ou simultánea aprobación do Proxecto de Equidistribución do polígono, consonte esixe o art. 20.1.d) LOUGA.

É competente para adoptalo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) LBRL.

En virtude do exposto, propónse ó Consello para que a súa vez lle proponha á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O

*PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Proxecto de Urbanización do polígono delimitado entre as rúas San Xoan e Padre Celso, promovido pola entidade mercantil "Cologa S.L." e redactado polo Arquitecto D. David Mahía Castelao, visado polo COAG en datas 03/02/2004, 25/03/2004 e 11/05/2004 (Expte. 4507/401).*

*SEGUNDO: Abrir un trámite de información pública polo prazo de vinte días hábiles, mediante publicación de anuncios no BOP e nun diario dos de maior circulación na Provincia. Notifíquese o contido íntegro deste Acordo á entidade mercantil "Cologa SL" xunto cunha copia dos dous Informes do Servizo Municipal de Electromecánicos de data 21/06/2004. Notifíquese tamén ós propietarios do ámbito, ás entidades concesionarias de servizos públicos, infraestructuras de telecomunicacións e equipo redactor do novo Plan Xeral.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **19.(1312)- CESIÓN GRATUÍTA DE TERREOS PARA ENSANCHE E MELLORA DA ESTRADA DE FRAGOSELO A CORUXO. EXPTE. 40908/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral adscrito ao Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 14.09.04, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES*

*1º.- Con data do 15 de abril de 2004, D. Jose Valverde Lorenzo solicitou desta Administración municipal se lle recoñezan ós efectos urbanísticos a superficie da súa propiedade, situada na estrada de Fragoelo na parroquia de Coruxo, cedida para a ampliación do dito viario público. A parcela matriz descríbese como segue:*

*“En la finca nombrada “Lugar de Manta” o de la “Iglesia” se le asigna el cupo norte de la casa – nueva-, compuesta de planta baja y piso alto a vivienda, con una dependencia terrena que dice al norte de la*

principal, en la cual el piso principal está formado por dos habitaciones y otra que se formará al llevar a la práctica la división material de dicha casa nueva; el bajo a cuadras, con un patio en su frente al este, otra casa más, independiente que conoce por la de la “Eira”, y mitad al norte del horreo, con el terreno unido por sus lados del norte, este y oeste, a labradío, viña y patio que forma una sola finca, para la cual es entrada únicamente para éste cupo la antigua del portal que dice al norte.”

2º.- Os terreos que se ceden forman parte dunha parcela incluída no núcleo 08.09 TINTUREIRA A, calificada como solo urbano, regulado pola ordenanza 1.3.B de vivenda unifamiliar illada de media densidade.

3º.- Os técnicos municipais do departamento de Cartografía da Xerencia municipal de Urbanismo, procederon a face-la medición dos metros de terreo cedidos a esta Administración municipal por D. José Valverde Lorenzo, informando, en data do 21 de abril de 2004, que a superficie total de cesión é de 448 m<sup>2</sup>.

#### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

As normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo establecen, no apartado 3.2.2., que nas cesións obligatorias dos terrenos afectados pola aliñación da rúa á que a parcela dea fronte --supostos de solicitude de obra nova e de rehabilitación integral-- recoñecerase ó propietario a edificabilidade e densidade correspondente á parcela inicial, e que, así mesmo, esta considerárase a efectos de parcela mínima.

Xa que logo, procede considerar que a cesión anticipada dos referidos 448,00 m<sup>2</sup> de superficie de terreo debe xerar a favor do propietario cedente os mesmos dereitos que os que provoca a cesión determinada pola concesión dunha licenza de obra nova ou rehabilitación integral.

Polo exposto, e de acordo co artigo 127.d) da LRBRL, trala modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O :

Primeiro.- Aceptar a cesión gratuita ó Concello de Vigo, por parte de D. Jose Valverde Lorenzo da porción de parcela de 448,00 m<sup>2</sup> de superficie, que se identifica no expediente, segregada de feito da finca da súa propiedade, con destino ó ensanche da rúa Fragoselo, na parroquia de Coruxo.

Segundo.- Esta cesión deberá elevarse a escritura pública ou documento administrativo auténtico e enténdese sen prexuízo doutras cesións que, con ocasión dunha eventual solicitude de licenza resulten legalmente procedentes de conformidade coas aliñacións que ó efecto se fixen.

Terceiro.- Ter por recoñecido ó cedente na parcela matriz, efectuada que sexa a cesión no correspondente documento público, a superficie e edificabilidade correspondente á superficie cedida.

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

## ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

### **20.(1313)- PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA PARA A ORGANIZACIÓN DOS “VII ENCONTROS DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS DE GALICIA” NO ANO 2005. EXPTE. 2750/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 15.10.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

*A Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF) organiza, con periodicidade bianual, os Encontros de embarcacións tradicionais de Galicia que, con caracter internacional, supoñen a maior manifestación de promoción e difusión da cultura tradicional mariñeira e que, xunto coa presenza das diferentes embarcacións tradicionais presentes en Galicia e nos países participantes, comprenden un conxunto de actividades turísticas, deportivas, patrimoniais, culturais e gastronómicas, con patrocinio e apoio da Consellería de Pesca da Xunta de Galicia. Segundo o establecido no punto 6º das Bases para a presentación de candidaturas da propia Federación: “poderán presentar candidatura para albergar ó Encontro as asociacións e entidades asociadas á FGCMF, podendo participar no proxecto outras entidades que colaboren, respalden ou financien o proxecto. Así mesmo, as asociacións ou entidades da FGCMF poden presentarse encabezando o proxecto ou ben como integrantes dunha comisión ou consorcio de entidades organizadoras”.*

*A Escola obradoiro “Mar de Vigo II”, proxecto de formación-emprego que o Concello de Vigo está a promover como continuidade do proxecto Escola obradoiro “Mar de Vigo”, figura como entidade asociada á FGCMF dende o ano 2001. Conta coas especialidades de Carpintería de ribeira, Novas técnicas de construción naval e Actividades náuticas. Iniciou as súas actividades o 01/12/03 e ten previsto rematalas o 31/05/05. Dentro do seu proxecto de obra a executar figura, ademais da construción de embarcacións tradicionais (trainera e bote polbeiro) e de embarcacións deportivas en poliéster, a organización de eventos náuticos.*

*Deste xeito, conflúen unha serie de factores que fan propicia a candidatura de Vigo como localidade organizadora dos “VII Encontros de embarcacións tradicionais de Galicia”, entre os que convén destacar:*

- A prevista saída da Volvo Ocean Race de Vigo en novembro de 2005 está a provocar un conxunto de actividades de promoción dos deportes náuticos e da cidade nas que o Concello de Vigo está implicado a través do programa denominado “Vigo 2005”, no que se están a incluír outras entidades e organismos.*
- O remate do proxecto de Escola obradoiro conlevará a botadura das embarcacións tradicionais que se están a realizar, nomeadamente da trainera, polas súas dimensións e singularidade, acto que pode facerse coincidir co evento náutico en cuestión.*
- A obrigatoriedade de que, en cumprimento do establecido no proxecto aprobado, a Escola organice un evento náutico, se ben podería ser este ou outro semellante (tendo, lóxicamente, neste último caso unha menor dimensión).*



- *O interese manifestado polos responsables da FGCMF de que os encontros se podan realizar en Vigo, pola maior repercusión social que tería a súa realización nunha gran cidade.*
- *A implicación directa doutras entidades relacionadas (Asociación de mariñeiros tradicionais de Bouzas, o Museo do Mar de Galicia), que xa manifestaron verbalmente o seu apoio a esta iniciativa.*

*Como condicionante no referido ás datas de celebración, haberá que ter en conta que, ao rematar a escola o 31/05/05, e independentemente da posibilidade real de conseguir un novo proxecto dentro do marco do Programa de escolas obradoiro da Xunta de Galicia, as datas máis adecuadas poderían ser as do 14, 15, 16 e 17 de maio de 2005.*

*Por último, segundo información facilitada polos responsables da FGCMF, o sábado 23 de outubro está prevista a celebración da súa Asemblea Xeral en Cambados, na que se decidirá sobre as candidaturas presentadas, polo que sería necesario presentar a candidatura á maior brevidade.*

*Co expediente achégase esquema da proposta de anteprojecto de candidatura.*

*Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:*

- 1. Presentar ante a Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial a correspondente candidatura para a organización do VII Encontros de embarcacións tradicionais de Galicia a través dunha Comisión organizadora na que estarían integradas as seguintes entidades: Escola obradoiro Mar de Vigo, Concello de Vigo (Concellerías de: Desenvolvemento local e emprego, Patrimonio histórico, Deportes e Turismo), Asociación de mariñeiros tradicionais de Bouzas e Museo do Mar de Galicia.*
- 2. Encargar aos responsables da Escola obradoiro Mar de Vigo a redacción do proxecto final de candidatura no que se recollan os aspectos básicos para a organización dos encontros.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

### **21.(1314)- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE 6 OPERARIOS-PEÓNS PAVIMENTADORES. EXPTE.15320/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización do Servizo de Persoal, do 15.10.04, que di o seguinte:

#### *Antecedentes.*

*Con data 30 de setembro de 2004, o coordinador dos servizos xerais deste Concello solicita a contratación de seis operarios pavimentadores xa que na actualidade o Servizo de Vías e Obras conta con unha dotación mínima insuficiente de persoal , o que leva a que nesta situación non é posible atender ás obras de asfaltado de camiños públicos a realizar baixo o convenio suscrito por éste Concello coa Diputación Provincial de Pontevedra.*

*Nas Bases da derradeira oferta de emprego público correspondente ó ano 2002 (BOP de 5 de maio de 2003), recentemente executada, preveíase expresamente na Base xeral “outras disposicións comúns”, a posibilidade de*

confeccionar unha lista de substitucións a traveso dos aspirantes que, non superando a oposición, tivesen aprobado os distintos exercicios de que constou aquela.

Notificados os aspirantes que conforman a referida lista, só dous deles aceptaron, mediante escritos de data 14 de outubro pasado a eventual contratación, D. Lino Fernández Paz, NIF 36.101.212-K e D. Jesús Vélso Costas, NIF 36.099.100-W, renunciando ós outro catro aspirantes que conformaban a referida lista a formalización deste contrato, polo que neste intre a referida lista atópase esgotada.

Consecuentemente, resulta preciso artellar un proceso de cubrición áxil que permita, coa debida urxencia, a formalización das contratacións laborais propostas.

Fundamentos legais.

De conformidade co disposto no artigo 9.2 da lei 4/88, de 26 de maio da Función pública de Galicia, a selección de persoal laboral efectuarase de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso ou concurso-oposición libre.

Nembargantes, e consonte ó paragrafo 3º do mesmo artigo poderase tamén contratar persoal laboral de carácter non permanente de conformidade coa lexislación laboral vixente, para a realización de traballos de carácter temporal e coxuntural por razóns de necesidade ou urxencia, debidamente motivadas.

Ó aveiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cubrición de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, esto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

Nembargantes, o procedemento selectivo que ós efectos oportunos se aprobe polo órgano de contratación deberá ser respetuoso en todo caso cos principios de mérito e capacidade, tal e como dispón o artigo 35 do RD 364/95 .

Por esta razón, o artigo 249.1 da lei autonómica 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé que o proceso selectivo do persoal laboral será con carácter xeral o concurso, excepto nos casos de urxencia.

Así mesmo, lei 56/03, de 16 de decembro, de emprego, configura ós servizos autonómicos de emprego, como un servizo público e gratuito, que terá como funcións, axudar ós traballadores ó encontro de emprego e ás empresas á contratación dos mesmos, todo elo a través dunha selección obxectiva daqueles candidatos que figuren inscritos no rexistro de ofertas de emprego.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, esta definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade

*normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro), e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.*

*Entendese, por outra banda, amparada ésta contratación ó aveiro do disposto no artigo 20.2 da lei 61/2003, de presupostos xerais do Estado para o ano 2004, xa que se trata de cubrir unha necesidade urxente nun servicio de recepción obrigatoria como a que nos ocupa.*

*Por todo elo, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local dicte a seguinte proposta de Resolución:..."*

Conclue o informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Consta no expediente informe de técnico de Intervención Xeral, do 15.10.04, conformado pola interventora xeral.

#### Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade co precedente informe-proposta, acorda:

1º.- Contratar por un periodo de tres meses, a D. Lino Fernández Paz, NIF 36.101.212-K e a D. Jesús Veloso Costas, NIF 36.099.100-W, baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

2º.- Solicitar do Servicio Galego de Colocación unha oferta xenérica para que sexan remitidos doce candidatos/as que resposten ás seguintes características:

Titulación esixida: Certificado de Escolaridade ou equivalente, e contar con experiencia acreditada en pavimentación de viais.

3º.- Que por una comisión de valoración composta polo concelleiro-delegado de Persoal ou concelleiro en quen delegue –que actuará como Presidente-, o xefe do servicio de Vías e Obras, un/unha representante designado polo Comité de Persoal e o Xefe da Unidade de Persoal ou técnico en quen delegue –que actuará como secretario-, propoña catro candidatos/as co obxecto de formaliza-la contratación.

A tales efectos, o proceso de selección constará dunha proba práctica sobre coñecementos das tarefas propias do posto de traballo, que se avaliará de cero a dez puntos, tendo esta proba carácter excluinte se o/a candidato/a non obten un mínimo de cinco puntos.

A comisión propondrá para a contratación ós/ás candidatos/as que resulten seleccionados por orde de puntuación.

4º.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós candidatos/as propostos pola citada Comisión, sendo éstos/as contratados/as baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

**22.(1315)- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN E ESTUDIO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE CONSTRUCCIÓN DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DA RÚA PALENCIA. EXPTE. 6234/332.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o prego de condicións técnicas asinado por arquitecto municipal, do 28.09.04, e o prego de cláusulas administrativas asinado polo xefe de negociado do Servizo de Contratación do 4.10.04, ambos para a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución e estudo de seguridade e saúde laboral de construción da escola infantil municipal da rúa Palencia; visto o informe xurídico do 6.10.04 e de acordo co informe-proposta do devandito xefe de negociado, conformado polo concelleiro do Área de Educación e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Autorizar o gasto de 30.000 euros para a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto Básico e de execución e estudo de seguridade e saúde laboral de construción da escola infantil municipal da rúa Palencia que se imputarán á partida 4220.227.06.10 do presuposto do ano 2004.

2º.- Aprobar o prego de condicións administrativas e técnicas para a prestación da asistencia técnica para a redacción do proxecto Básico e de execución e estudo de seguridade e saúde laboral de construción da escola infantil municipal da rúa Palencia.

3º.- Solicitar oferta a tres profesionais capacitados para a execución do contrato.

**23.(1316)- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.